

**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

PREGO APROBADO POR ACORDO
DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA

31 MAR. 2017

SECCIÓN DE CONTRATACIÓN

PREGO DE PRESCRIPCIÓNS TÉCNICAS QUE HAN DE REXIR A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE VIXILANCIA NAS DEPENDENCIAS DA UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD) EN SANTIAGO DE COMPOSTELA.

ÍNDICE

1.- OBXECTO E APLICACIÓN:

1.1- OBXECTO DO PREGO

1.2- MARCO XURÍDICO

2.- CARACTERÍSTICAS XERAIS E TÉCNICAS DO SERVIZO:

2.1. DESCRIPCIÓN DO SERVIZO A PRESTAR: PERSOAL, COMPOSICIÓN, HORARIO E TURNOS DE TRABALLO.

2.2. DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DO SERVIZO.

2.3. ELECCIÓN E SUSTITUCIÓN DOS VIXILANTES.

2.4. COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS.

2.5. COORDINACIÓN E SEGUIMENTO

3.- CARACTERÍSTICAS DOS VIXILANTES DE SEGURIDADE E AUXILIARES DE SERVIZOS.

3.1. FUNCIÓNS

3.2. UNIFORMIDADE E EQUIPAMENTO


3.3. PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN

3.4. FORMACIÓN E OCUPACIÓN

4.- PLAN DE SEGURIDADE.

5.- COBERTURA DE RISCOS.

6.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

1.- OBXECTO DO CONTRATO.-

O obxecto do contrato a prestación do servizo de vixilancia e seguridade das instalacións da Unidade municipal de atención a drogodependencias (UMAD), situada na rúa Manuel María, 8 en Santiago de Compostela, por medio dun vixilante de seguridade sen arma, en horario de luns a venres laborais de 8:00 a 15:00 horas e de 16:00 á 19:00 horas.

O servizo de vixilancia e de seguridade privada realizarase de conformidade coas normas reguladoras da seguridade privada e comprende, en termos xerais e sen carácter exhaustivo, o control de accesos, a vixilancia das dependencias que se especifican no presente documento, así como a protección dos bens e das persoas que están no interior dos mesmos.


2.- MARCO XURÍDICO.-

- 1) Lei 5/2014 de seguridade privada de 4 de abril de 2014, de Seguridade Privada.
- 2) Real Decreto 2364/1994, de 9 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de Seguridade Privada e a Orde de 23 de abril de 1997 pola que se concretan determinados aspectos en materia de empresas de seguridade.
- 3) Real Decreto Lei 8/2007 de 14 de setembro, polo que se modifican determinados artigos da Lei 23/1992, de 30 de xullo.
- 4) Real Decreto 4/2008, de 11 de xaneiro, polo que se modifican determinados artigos do Regulamento de Seguridade Privada, e demais normativa complementaria legal e/ou convencional que no futuro poida promulgarse.

2.- CARACTERÍSTICAS XERAIS DO SERVIZO

2.1. DESCRIPCIÓN DO SERVIZO A PRESTAR: PERSOAL, COMPOSICIÓN, HORARIO E TURNOS DE TRABALLO

O contratista deberá garantir, en todo momento, que destina o persoal necesario para prestar os servizos contratados, atendendo ás necesidades e características propias dos mesmos.



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

O persoal encargado da prestación do contrato de Seguridade deberá, de conformidade coas normas reguladoras da seguridade privada, dispor da cualificación e cualificación que require o desenvolvemento das funcións propias para a prestación de este tipo de servizos.

A actividade ou finalidade da empresa contratista haberá de axustarse ó establecido na lexislación correspondente, en vigor, de Seguridade Privada.

Para realizar o servizo obxecto desta contratación, é necesario empregar, aproximadamente unha 2.480 horas de vixilancia ó ano. A presenza física que esixe o servizo, cubrirase co número de vixilantes de seguridade (sen armas) que determine a empresa no cumprimento da normativa vixente, e que contarán co apoio dos medios humanos e materiais da empresa, para prestar nas mellores condición o servizo de vixilancia e seguridade privada que se contrata.

A UNIDADE MUNICIPAL DE ATENCIÓN A DROGODEPENDENCIAS (UMAD)

Por seguridade entendese evitar eventos naturais ou provocados pola acción humana, capaces de poñer en perigo a vida ou integridade física das persoas, xa sexan de aquelas que fan ou pretenden facer uso das instalacións, xa sexa de terceiras persoas que de atopan na zona.

A prestación do servizo comprenderá fundamentalmente a vixilancia e protección de bens mobles e inmobles que comprenden a sede da UMAD, o control das persoas que accedan á mesma, a protección das persoas que poidan atoparse dentro delas, así como a custodia en lugar seguro de chaves e demais útiles que se lles confíe.

Os vixiantes de seguridade deberán facer rutas de vixilancia cada hora polas instalacións da UMAD, e comprobar periodicamente o estado das instalacións e inmobles obxecto da contratación, tendo especial atención na apertura e peche de portas, luces, instalacións de climatización, reixas, sumidoiros de pluviais, etc.

Colaborarán co persoal municipal no control das persoas que poidan acceder ó centro, sendo os vixiantes de seguridade os encargados da identificación das persoas.

Os vixilantes de seguridade deberán colaborar coa UMAD nas tarefas de prevención de riscos laborais mediante a súa participación activa nos Plans de Emerxencias, Intervención, Comunicación, Evacuación, etc.



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

O persoal de vixilancia deberá realizar todo o que poida levar a cabo nas instalacións obxecto deste Prego, debendo poñer en coñecemento da xefatura da UMAD, de forma inmediata, calquera incidente relacionado con ditas funcións.

O servizo que se require nesta dependencia é de un vixilante, atendendo o seguinte horario.

De luns a venres laborais de 8:00 á 15:00 horas e de 16:00 á 19:00 horas.

2.2 DIRECCIÓN E INSPECCIÓN DO SERVIZO

O servizo está dirixido pola persoa que a tal efecto nomee a empresa adxudicataria, sen prexuízo das facultades de dirección, control e supervisión que serán exercidas pola persoa nomeada o efecto polo concello de Santiago de Compostela, en calidade de director/a de traballo.

Como resultado da inspección ou como consecuencia de calquera deixadez das obrigas expresadas en calquera dos documentos contractuais, poderase levantar, se o concello así o estima necesario, un acta de non conformidade no momento da inspección na que se farán constar as deficiencias do servizo.

O adxudicatario virá obrigado de forma inmediata á corrección das irregularidades ou alteración observadas.

Tres actas de non conformidade poderán ser causa de rescisión do contrato, con perda de fianza. O concello de Santiago terá potestade para rescindir ou non o contrato trala terceira acta de non conformidade. Se aquel decide non rescindir, será necesaria unha máis para a correspondente rescisión do contrato con perda de fianza.


2.3- ELECCIÓN E SUBSTITUCIÓN DE VIXILANTES E ORGANIZACIÓN

1. -ELECCIÓN

Polas características do servizo a empresa adxudicataria do servizo deberá subrogar a dous gardas de seguridade que veñen prestando o servizo nas dependencias da UMAD

2.- SUBSTITUCIÓN

Todos os cambios e substitucións correrán por conta da empresa adxudicataria que garantirá en todo momento o número de vixilantes, nas condicións e co equipamento contratado.



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

A substitución, xa sexa provisional ou definitiva, que propoña a empresa adxudicataria de calquera vixiante seleccionado, deberá ser comunicada a administración e estará debidamente motivada. Para causar efecto requirirase a conformidade da persoa encargada da dirección do traballo designada polo concello. As substitucións provisionais só serán autorizadas ata que cese a causa que motivou a substitución.

A empresa deberá aportar, con carácter previo á substitución, mediante proposta debidamente razoada, a substitución de calquera vixilante. A vacante que se produza cubrirase seguindo o procedemento que corresponda.

O aumento ou diminución do número inicial de vixilantes, deberá comunicarse con anterioridade e por escrito ó concello de Santiago de Compostela. A falta de notificación ou de autorización reseñada, poderá dar lugar á rescisión do contrato con perda de fianza e das retención habidas.

A empresa adxudicataria garantirá a prestación do servizo polo persoal de vixilancia expresamente elixido nas condicións contratadas. Igualmente, deberá garantir a substitución do mesmo, pola persoas suplentes previamente nomeadas no mesmo proceso de selección.


3.- ORGANIZACIÓN

Con carácter previo á prestación do servizo, a adxudicataria presentará a documentación onde se recolla o procedemento utilizado para calcular o número de vixiantes necesarios, a fin de cumprir coa composición do servizo ofertado e requirido polo concello de Santiago de Compostela. Os servizos de 24 horas prestaranse necesariamente en xornadas de 8 horas como máximo.

O servizo de vixilancia prestarase sen interrupción, nas quendas establecidas para esta, non podendo ningún vixilante, baixo ningún concepto, abandonar o lugar de traballo sen unha substitución previa.

Para aumentar a eficacia dos vixilantes e a súa seguridade, a empresa adxudicataria procurará os medios para establecer as vías de comunicación permanente entre eles e cada dentro obxecto de vixilancia.

No exercicio das súas funcións, o vixilante deberá portar en todo momento e en lugar visible a súa tarxeta de identificación persoal.



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

A empresa elaborará un cuadrante onde se reflicten as quendas de traballo e o nome do vixiante de cada quenda.

O cómputo de horario anual a realizar por cada vixilante non poderá exceder das horas establecidas no artigo 41 do Convenio Colectivo Estatal das Empresas de Seguridade.

2.4 – COMUNICACIÓN DE INCIDENCIAS

A empresa adxudicataria procurará, entre os vixilantes a redacción dun parte diario de incidencias no que se incluírá como mínimo a data, quenda, nome do vixilante, sinatura de este e no seu caso as incidencias que tiveran lugar expresadas de forma máis detallada.

Cando se produzan incidencias que alteren o normal funcionamento do centro obxecto de vixilancia, a empresa entregará unha copia do parte recheo polo vixilante ó Director do traballo.

Independentemente do anterior, tódolos partes diarios que se xeren estarán a disposición da Administración e serán entregados aqueles que se lles demanden no momento en que o soliciten.

Cando o vixilante prevexa calquera situación que altere ou poda alterar o normal desenvolvemento da actividade nas dependencias municipais da Unidade municipal de Atención a Drogodependencias do Concello de Santiago de Compostela, de inmediato dará coñecemento ó Director do Traballo, e adoptará as medidas de urxencia que se estimen necesarias.

2.5.- COORDINACIÓN E SEGUIMENTO.

COORDINACIÓN:

A empresa adxudicataria será a encargada de coordinar a execución das funcións encomendadas ós vixilantes para acadar a máxima eficacia na prestación do servizo, e será tamén a responsable da correcta utilización que estes fagan do equipamento de seguridade existente no edificio.

O/A Director/a da Unidade, ou persoa designada ó efecto, coñecerá todo o relacionado co desenvolvemento e execución do servizo obxecto de esta contratación e comprobará que se presta conforme ó establecido no presente PREGO.

SEGUIMENTO:



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

A empresa adxudicataria, aos efectos de garantir que a prestación do servizo se realice conforme ás condicións contratadas, efectuará cantas inspeccións sexan necesarias, polo menos dúas inspeccións semanais, para comprobar que cada vixilante desenvolve as súas funcións adecuadamente.

Calquera circunstancia que se detecte nas inspeccións realizadas e que alteren o normal funcionamento do servizo, deberá ser comunicada de forma inmediata á Administración.

Mensualmente remitirase un informe ó Director do centro comprensivo das inspeccións realizadas e dos resultados ou incidencias detectadas no curso das mesmas.

O concello reservase o dereito a realizar cantas supervisións estime oportunas, a fin de coñecer o grao de cumprimento dos servizos si este se presta nas condicións contratadas.

3. CARACTERÍSTICAS DOS VIXILANTES DE SEGURIDADE.

3.1.- FUNCIÓNS.

O persoal encargado da prestación do contrato de Seguridade, de conformidade coas normas reguladoras da seguridade privada, deberá dispoñer da habilitación do Ministerio do Interior que require a prestación de este servizo, tal e como se establece na Lei de Seguridade Privada.

Conforme ó previsto na Lei de Seguridade Privada e no seu Regulamento de aplicación os vixilantes de seguridade só poderán desenvolver as seguintes funcións:

- a) Exercer a vixilancia e protección de bens mobles e inmobles, así como a protección das persoas que poidan atoparse nos mesmos.
- b) Efectuar controis de identidade no acceso ou no interior de inmobles determinados, sen que en ningún caso poidan reter a documentación persoal.
- c) Evitar a comisión de actos obxecto de delito ou infraccións en relación co obxecto da súa protección.
- d) Poñer inmediatamente a disposición dos membros das Forzas e Corpos de Seguridade ós delinquentes en relación co obxecto da súa protección, así como os instrumentos, efectos e probas dos delitos, non podendo proceder ó interrogatorio de aqueles.



**CONCELLO DE
SANTIAGO**

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

- e) Efectuar a protección do almacenamento, reconto, clasificación e transporte de valores e obxectos valiosos, coas debidas garantías de seguridade e reserva no que respecta a súa programación, así como o seu itinerario.
- f) Levar a cabo, en relación co funcionamento de centrais de alarma a prestación de servizos de resposta de alarmas que se produzan, cuxa realización non corresponda ás Forzas e Corpos de Seguridade.
- g) A realización de actividades complementarias, directamente relacionadas coas anteriores, e que resulten imprescindibles para a súa **execución**.

Con carácter explicativo, e de forma non exhaustiva, cítanse:

Xestionar os sistemas de alarma instalados ante os riscos de intrusión e incendio, actuando segundo protocolo establecido.

Procurar un recinto seguro ante o risco de incendio, procurando que os sistemas electrónicos e medios de intervención inmediata se atopen en perfecto estado e funcionamento.

Intervir ante o conato de lume ou calquera outra clase de sinistro ou accidente, adoptando as medidas preventivas, necesarias para evitar que estes se produzan.


Revisar a correspondencia e paquetería cos medios existentes.

Inspeccionar diariamente todo o edificio trala saída do persoal asegurándose de que todas as portas e ventás se atopan pechadas e as instalacións eléctricas desconectadas, antes de proceder o c erre e conexión dos sistemas electrónicos de seguridade. Se o edificio non tivese instalados sistemas de protección, ou estivesen total ou parcialmente non operativos, realizarase de igual forma unha inspección antes da apertura.

Inspeccionar e impedir o acceso a zonas reservadas ou cerradas, así como a zonas de visita fora do horario establecido.

Controlar as chaves previamente asinadas ó servizo de seguridade.

Velar polo funcionamento do equipamento e dos medios dispoñibles para a prestación do servizo.



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

Colaborar cos servizos de apoio exterior (bombeiros, Protección Civil, servizos sanitarios, etc) en relación cos plans de emerxencia e evacuación dos edificios públicos onde realicen as súas funcións.

No desenvolvemento das súas actividades, as empresas de seguridade veñen obrigadas ó especial auxilio e colaboración coas Fórzas e Corpos de Seguridade. A estes efectos, deberán comunicar a ditas Forzas e Corpos calquera circunstancia e informacións relevantes para a prevención, o mantemento ó restablecemento da seguridade cidadá, así como os feitos constitutivos de delito dos que tivesen coñecemento no desenvolvemento de ditas actividades.

Os servizos e actividades de seguridade deberán ser realizados directamente polo persoal da empresa contratada para a súa prestación, non podendo esta subcontratar con terceiros, salvo que o faga con empresas inscritas nos correspondentes Rexistros e autorizadas para a prestación dos servizos ou actividades obxecto de subcontratación, e se cumpran os mesmos requisitos e procedementos previstos en este Regulamento para a contratación. A subcontratación non producirá exoneración de responsabilidade da empresa contratante.

3.2. UNIFORMIDADE E EQUIPAMENTO

O exercicio das funcións que se citan nos apartados anteriores, serán desenvoltas polos vixilantes dependentes da empresa adxudataria, vestindo o uniforme e ostentando o distintivo do cargo que sexan preceptivos, que serán aprobados polo Ministerio do Interior, conforme a Lei de Seguridade Privada, e sen prexuízo da correspondente acreditación ou tarxeta identificativa do Organismo en que preste os seus servizos.

As empresas deberán presentar na súa oferta a relación de prendas que conforman o uniforme, color e características dos mesmos e distintivos que a identifican, podendo aportar folletos onde aparezan fotografías que o documenten, así como relación do equipamento propio que portarán o persoal de vixilancia na prestación do servizo.

3.3 PRINCIPIOS XERAIS DE ACTUACIÓN

Conforme ó artigo 1.3 da Lei de Seguridade Privada, o vixiante aterase nas súas actuacións ós principios de integridade e dignidade; protección e trato correcto as persoas, evitando abusos, arbitrariedades e violencias e actuando con congruencia e



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

proporcionalidade na utilización das súas facultades e dos medios dispoñibles. No desenvolvemento das súas funcións deberá observar expresamente:

- Dilixencia á hora de cumprir as normas establecidas.
- Puntualidade á hora de incorporarse e abandonar o servizo.
- Prohibición absoluta de revelar calquera información relativa ós recintos e centros de traballo onde desenvolvan as súas funcións.
- Os vixiantes non poderán ausentarse do posto de traballo salvo causa xustificada, notificando previamente e coa suficiente antelación esta circunstancia ós responsables do dispositivo de seguridade.

3.4.- FORMACIÓN E CAPACITACIÓN

A empresa adxudicataria garantirá que os vixiantes adscritos ó servizo de vixilancia obxecto a que se refire o presente Prego de Prescricións Técnicas teñan a formación e capacidades necesarias para facerse cargo de estas funcións. En aqueles postos de traballo nos que se esixa unha preparación técnica especial, a Administración establecerá un período formativo específico, a impartir pola empresa adxudicataria, no manexo de estes equipamentos.

No caso de incorporar novos recursos técnicos que esixan un adestramento específico para o seu adecuado manexo, establecerase entre ambas partes un Plan de Formación que abarque a aqueles vixiantes cuxo destino operativo este relacionado coa súa utilización.

A substitución temporal ou definitiva dos Vixiantes de Seguridade destinados en un determinado servizo, calquera que sexa a causa que a motive, implicará a existencia dun período formativo do vixilante que se incorpore a dito postos, previo á incorporación. Estas incorporacións deberán contar co visto e prace do organismo contratante.

A duración do referido período será convida polo/a Director/a do centro e o/a xefe/a de seguridade da empresa adxudicataria, dependendo das características propias do servizo, pero sempre por un prazo mínimo que abarque unha quenda laboral no propio



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

posto de vixilancia. Este adestramento realizarase acompañado por aquel ou aqueles vixilantes que conten coa suficiente experiencia no recinto a custodiar.

A empresa adxudicataria deberá garantir en todo momento que o seu persoal posúa o adecuado nivel de formación e capacitación específico para desenvolver o servizo en óptimas condicións físicas e psíquicas.

Os/as vixiantes adscritos ó servizo de vixilancia obxecto do contrato a que se refire o presente Prego de Prescricións Técnicas deberán superar os cursos de reciclaxe contemplados na normativa aplicable a este tipo de contratacións, así como os cursos de actualización nas materias que experimentaran modificación ou evolucións substancial, ou en aqueles que resulte conveniente unha maior especialización, previstos no artigo 57 do vixente Regulamento de Seguridade Privada.

4.- PLAN DE SEGURIDADE.-

Previo ó comezo da prestación do servizo, a empresa que resulte adxudicataria do mesmo deberá confeccionar un Plan de Seguridade Específico para o edificio, que haberá de contar coa conformidade da xefatura da área social e que recollerá a forma en que se aplicarán as condicións recollidas neste Prego e o cumprimento das Normas de Funcionamento Interno redactadas polos responsables da área.

5.- COBERTURA DE RISCOS.-

Os posibles danos de carácter físico ou material, así como as indemnizacións que poideran producirse a terceiros no exercicio das tarefas recollidas no presente Prego de Prescricións, deberán encontrarse cubertos pola empresa adxudicataria mediante a correspondente póliza de responsabilidade civil.

6.- PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

A empresa que resulte adxudicataria deberá estar ó corrente no cumprimento das súas obrigacións en materia de prevención de riscos laborais, en especial ó recollido na Lei 31/1995, de 8 de novembro de Prevención de Riscos Laborais e modificacións posteriores.



CONCELLO DE SANTIAGO

Concellería de Políticas Sociais,
Diversidade e Saúde

Nun prazo non superior á trinta días naturais desde que se lle comunique a adxudicación do concurso obxecto de este Prego, a empresa deberá aportar á UMAD a documentación relativa á Avaliación de Riscos e Plans de Prevención de todos os postos de traballo necesarios para a prestación do servizo.

Antes de comezo da súa actividade terá que comunicar á UMAD o nome da persoa que actúe como Delegado de Prevención.

E para que conste e xurda os efectos oportunos asino o presente informe co visto e prace da xefa de servizo da Área de Benestar Social María Teresa Furelos Toral.

Santiago de Compostela, 15 de febreiro de 2017

Asdo.: o director adxunto da UMAD

Emilio Fariñas Vasco

Asdo.: a xefa de servizo da Área de Benestar social

María Teresa Furelos Toral